

## ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACION DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.-

---

Titulo preliminar

Artigo 1 Obxeto da ordenanza

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e coas disposicións contidas no Real decreto lexislativo 330/90 que aproba o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, dítase a presente ordenanza que ten por obxeto regular a circulación nas vías públicas urbanas do termo municipal de Caldas de Reis.

Artigo 2 Ámbito de aplicación. Para os efectos expresados no artigo anterior, considerase vía urbana toda vía pública comprendida dentro do núcleo de poboación, entendéndose por tal o conxunto de edificacións agrupadas sen que exista nelas solucións de continuidade maior de 500 metros. En todo caso, considerase núcleo urbano o comprendido como solo urbano nas normas subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello de Caldas de Reis.

Artigo 3 Materias non reguladas pola ordenanza. Subsidiariamente naquelas materias non reguladas expresamente pola presente ordenanza, aplicarase a Lei de tráfico e seguridade vial, o Regulamento xeral de circulación e as demais normas de carácter xeral.

Artigo 4 Conceptos utilizados. Para os efectos desta ordenanza e normas complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e usuarios, utilizaranse os indicados no anexo da Lei de tráfico e seguridade vial.

Artigo 5 Competencia do Ministerio do Interior. Recoñéceselle ó Ministerio do Interior, a través do organismo autónomo, Xefatura Central de Tráfico, o exercicio das competencias xerais que se lle atribúen nos artigos 5 e 6 do R.D.L. 399/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei 18/1989, de 25 de xullo, de bases sobre o tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Artigo 6. Igualmente recoñécese a competencia sancionadora que exerce o subdelegado do Goberno, ben directamente ou a través da Xefatura Provincial de Tráfico e que lle vén atribuída nas disposicións legais vixentes.

Artigo 7. Competencia municipal. De conformidade co establecido na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, corresponderalle ó Concello de Caldas de Reis, as seguintes competencias, que exercerán o alcalde ou concelleiro-delegado, nos casos en que non se lle atribúa expresamente ó Pleno ou Comisión de Goberno, conforme ó establecido no artigo 7 do capítulo I e do título I e do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial; as competencias atribuídas ós municipios no ámbito desta lei son as seguintes:

A. A ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así coma a vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e a súa sanción cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

B. A regulación, mediante ordenanza municipal, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos estacionamentos entre todos os usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peatonal das rúas, así coma o establecemento de medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcamentos.

C. A inmovilización dos vehículos nas vías urbanas e o seu posterior depósito cando non se atopen provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida, ata que se logre a identificación do seu conductor.

D. A retirada dos vehículos das vías urbanas e o posterior depósito daqueles e dos retirados das vías interurbanas nos casos e condicións determinadas reglamentariamente, cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta, ou estean incorrectamente estacionados en zona de estacionamento restrinxido nas condicións establecidas para a inmovilización.

E. A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo núcleo urbano, salvo as travesías.

- F. A realización de probas, regulamentariamente establecidas, para determinar o grao de intoxicación alcohólica ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes dos condutores que circulen polas vías públicas urbanas.
- G. O peche das vías urbanas cando sexa necesario.
- H. A regulación do servizo de transporte urbano colectivo, transporte escolar e dos vehículos de servizos de autotaxi e ambulancia nos termos recollidos na súa regulación específica.
- I. A regulación das paradas e itinerarios do transporte interurbano, nas súas entradas e saídas da poboación, ata a súa parada oficial.
- L. A regulación dos transportes pesados e prigosos, nos termos que se reflicte na súa ordenanza específica.
- LL. A regulación de carga e descarga.

Artigo 8. Correspóndelle á Policía Local ordenar, dirixir e regular o tráfico no núcleo urbano, de conformidade co establecido no artigo 53 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Así mesmo, será da súa competencia formular as denuncias que procedan polas infraccións que se cometan contra o disposto na presente ordenanza, a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, Regulamento xeral de circulación e demais disposicións complementarias.

## Título I Normas de comportamento na circulación

### Capítulo 1 Normas xerais.

#### Artigo 9 Usuarios e condutores.

- 1 Os usuarios da vía están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación ou lles causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas ou danos ós bens.
- 2 En particular, deberase conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non poñer en perigo tanto o mesmo condutor coma os demais ocupantes do vehículo e o resto dos usuarios da vía. Queda terminantemente prohibido conducir de xeito negligente ou temerario.

#### Artigo 10 Obras e actividades prohibidas

- 1 A realización de obras e instalacións nas vías suxeitas a esta ordenanza necesitarán a autorización previa do Concello.
- 2 Prohíbese botar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facela perigosa ou deteriorar aquelas ou as súas instalacións ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.
3. Quen crease sobre a vía algún obstáculo ou perigo, deberá facelo desaparecer o máis axiña posible, adoptando mentres as medidas necesarias para que poida advertilo polos usuarios e para que non se dificulte a circulación.
4. Prohíbese botar á vía ou ás súas inmediacións, calquera obxecto que poida da lugar á produción de incendios e, en xeral, poñer en perigo a seguridade vial.
5. Prohíbese a emisión de perturbacións electromagnéticas, ruídos, gases e outros contaminantes nas vías obxecto desta ordenanza, por encima das limitacións regulamentariamente establecidas.
6. Prohíbese botar á vía ou ás súas inmediacións, tanto por parte dos ocupante dos vehículos coma por parte dos peóns, papeis, folletos publicitarios e, en xeral calquera obxecto que poida ensucia-la vía.
7. Prohíbese o lavado de calquera tipo de vehículo na vía pública.
8. Prohíbese a circulación de animais pola vía pública, a excepción dos de compañía.
- 9 Prohíbese a circulación de vehículos pola zonas destinadas a peóns tales como parques, zonas verdes, praias, paseos marítimos, etc.

#### Artigo 11. Normas xerais dos condutores

- 1.Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ó aproximarse a outros usuarios de vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a seguridade destes, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.
- 2.O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garanten a súa propia seguridade e a do resto dos ocupantes de vehículos e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos deberá coidar especialmente de manter a posición exiteada e que a manteña o resto dos viaxeiros así como a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencias entre o condutor e calquera deles.
- 3.Queda prohibido conducir utilizando cascos ou ariculares conectados ou desconectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.

4. Queda prohibido circular con menos de 12 anos situado nos asentos dianteiros do vehículo, agás que se utilicen dispositivos homologados para o efecto.

5. O conductor dun vehículo deberá ter en conta que a superficie acristada do vehículo deberá permitir, en todo caso, a visibilidade diáfana do conductor sobre toda a vía pola que circule, sen interferencia de láminas adhesivas.

Non obstante, a colocación de láminas ou adhesivos nos vehículos permitirase cando estea homologado o vidro coa lámina homologada, así coma os adhesivos acreditativos da inspección técnica de vehículos e dos de zonas de estacionamento restrinxido.

Artigo 12 Bebidas alcohólicas, substancias estufacientes e similares.

1. Non poderá circular polas vías obxecto desta ordenanza, o conductor de vehículos con taxas superiores ás regulamentariamente establecidas de bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas.

2. Todos os conductores de vehículos quedan obrigados a someterse ás probas que se establezan para a detección das posibles intoxicacións por alcohol. Igualmente quedan obrigados os demais usuarios da vía cando estean implicados nalgún accidente de circulación.

As probas para detectar a posible intoxicación por alcohol practícaranse os axentes da Policía Local e consistirán normalmente na verificación do aire respirado mediante etilómetros que, oficialmente autorizados, determinarán a forma cuantitativa o grao de impregnación alcohólica dos interesados. Estas probas levaranse a cabo de conformidade co establecido no RXC e coa lexislación complementaria.

3. Estarase ó que dispoñan os regulamentos respecto do sometemento ás probas para a detección das demais substancias a que se refire o apartado anterior.

4. A Policía Local realizará controis preventivos de alcoholemia naquelas vías ou lugares onde se observe un significativo aumento de velocidades ou infraccións ás normas de circulación e naqueles casos en que sexan ordenados pola autoridade municipal ou o xefe do servizo.

Capítulo II Da circulación de vehículos

Artigo 13 Sentido da circulación

Como norma xeral e moi especialmente nas curvas ou cambios de rasante de reducida visibilidade, os vehículos circularán en todas as vías obxecto desta ordenanza, pola dereita e o máis próximo posible ó borde da calzada mantendo a separación lateral suficiente para realizar o cruzamento con seguridade.

Artigo 14 Suposto especiais do sentido de circulación

1 Cando por razóns de seguridade ou fluidez da circulación o aconselle, a autoridade municipal poderá ordenar outro sentido da circulación, prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben como carácter xeral ou para determinados vehículos ou usuarios, o peche de determinadas vías, o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos ou utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ó normalmente previsto.

2. Para evitar o entorpecemento da circulación e garantir a súa fluidez, poderase impoñer restriccións ou limitacións a determinadas vehículos e para vías concreta, que serán obrigatorias para os usuarios afectados.

Vías de circulación rápidas e moi densa circulación

Artigo 15 Límites de velocidade

1 A velocidade máxima e mínima autorizadas para a circulación de vehículos a motor fixarase con carácter xeral para os conductores, os vehículos e as vías obxecto desta ordenanza de acordo coas súas propias características. Os lugares con prohibicións e obrigacións específicas de velocidade serán sinalizados con carácter permanente ou temporal, se é o caso. En defecto de sinalización específica, cumprírase a xenerica establecida para cada vía.

2 O límite máximo de velocidade a que poderán circular os vehículos polo núcleo urbano será de 40 Km/h.

3 Con independencia do límite de velocidade establecido, os conductores, deberán adoptar as máximas medidas de precaución e circular a velocidade moderada cos seus vehículos sempre que as circunstancias o aconsellen e en especial nos casos seguintes:

- Cando a calzada sexa estreita.
- Cando a calzada estea ocupada por obras ou algún atranco que dificulte a circulación.
- Cando a zona destinada ós peóns obrigue a estes a circular moi próximos á calzada ou se aquela non existe, sobre a propia calzada.
- Cando en función da velocidade a que se circule, non exista visibilidade de abandono.
- Cando as condicións de rodaxe non sexan favorables, ben polo estado do pavimento ou razóns meteorolóxicas.

- Cando con ocasión de se formaren charcos de auga, lodo, etc., poida salpicar ou manchar ós peóns.
- Nos cruzamentos ou interseccións no que non existen semáforos nin estea instalada un sinal que indique paso con prioridade.
- Ó atravesar zonas nas que sexa previsible a presenza de nenos que estean na calzada ou nas súas inmediacións. Analogamente adoptaranse as mesmas precaucións respecto a anciáns e impedidos.
- Nos pasos de peóns non regulados por semáforos, cando se observe a presenza de peóns.
- Nos supostos en que, por razóns de natureza extraordinaria, se produza unha gran afluencia de peóns ou vehículos.
- Á saída ou entrada de inmobles, garaxes e estacionamentos que teñan os seus accesos pola vía pública.
- Nas proximidades de zonas escolares.
- Naqueles outros casos establecidos na lexislación sobre tráfico.

#### Vías de densa circulación no termo municipal

Para os efectos de aplicación das normas contidas na presente ordenanza, terán a consideración de vías de densa circulación, sen prexuízo doutras que poida declarar a autoridade municipal:

- A rúa Dolores Mosquera
- A rúa San Roque
- A rúa Pedro Mateo Sagasta
- A rúa Herrería
- A rúa Juan Fuentes
- A rúa José Salgado.

#### Parada e estacionamento

##### Artigo 16 Normas xerais de paradas e estacionamentos

1 A parada e o estacionamento deberán efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación e o evitar que poida poñerse en movemento en ausencia do conductor.

2 Enténdese por parada toda inmovilización dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas ou cargar e descargar cousas, por tempo inferior a dous minutos. Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea motivada por necesidades da circulación.

3 Cando se efectúe a parada na calzada, situarase o vehículo o máis preto posible do bordo dereito. Nos casos en que exista extrema necesidade, o conductor poderá parar nalgunha reserva de espazo, por un tempo máximo de 1 ou 2 minutos, coa obriga de manterse no interior do vehículo, e deberao retirar inmediatamente cando se perciba de que na reserva quere entrar ou saír un vehículo para o que se autoriza.

4 Os autotaxis estacionarán na forma e lugares reservados para o efecto que determine a ordenanza reguladora do servizo e nos supostos en que o servizo requira efectuar unha parada, seguiranse as normas xerais da presente ordenanza.

5 Os autobuses, tanto de liñas urbanas coma interurbanas, unicamente poderán deterse para tomar e deixar viaxeiros nas paradas, expresamente determinadas e sinalizadas pola autoridade municipal, quen poderá suprimilas ou variar a súa colocación, por razóns de interese público.

6 O Concello establecerá as paradas de transporte escolar, nas que se autorizará acarga e descarga do alumnado e prohíbese a súa realización fóra dos lugares habilitados e sinalados para o efecto.

7 O Concello poderá autorizar paradas destinadas ós vehículos que estean en posesión da licenza municipal de transportes de mercancías, en vehículos lixeiros. Estas paradas poderán suprimirse ou modificarse por razóns de interese público.

8 Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cunha duración de 2 ou máis minutos, sempre que non estea motivada por imperativos da circulación.

9 Entémese por estacionamento en fila ou cordón aquel no que nos vehículos están situados un detrás de outro. Consideráse estacionamento en batería aquel en que os vehículos se sitúan en perpendicular ó bordo. Ou lixeiramente inclinados, uns á par doutros.

10 Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento, cando non estivese prohibido, efectuarase ó lado dereito do sentido da marcha. Nas vías dun só sentido de circulación, e sempre que non exista sinal en contrario, o estacionamento efectuarase a ambos lados da calzada, sempre que se deixe una anchura para a circulación non inferior á dun carril (3 mt) si hai marcas deben axustarse a estas.

Se non houberse sinalización en contra, o parcamento efectuarase paralelamente ó eixo da calzada. Os estacionamentos en batería deberán ser sinalados expresamente.

11 Os condutores deberán deixar un espazo non superior a vinte centímetros entre o bordo da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo. Así mesmo non se poderá estacionar un vehículo a unha distancia menor de 30 cm doutros, nin impedir a súa incorporación a circulación.

12 O Concello fixará as zonas na vía pública para estacionamento ou para a súa utilización como terminais de liñas de autobuses.

13 Os vehículos destinados ó transporte de mercadorías efectuarán o seu estacionamento na forma establecida no artigo 18 da presente ordenanza.

14 Corresponderalle exclusivamente ó Concello autorizar a ordenación do estacionamento e a circulación naqueles viais de uso público aínda que fosen de propiedade privada.

15 O Concello poderá establecer en determinadas zonas réximes de estacionamento limitado, gratuítos ou de pago, regulados por discos de control, parquímetros ou calquera outro sistema, como medio de ordenación ou de selección do tráfico.

16 O Concello poderá reservar na vía pública espazo de estacionamento para uso exclusivo dos residentes en determinadas zonas con especiais problemas de tráfico ou de aparcamento.

## Artigo 17 Prohibicións de paradas e estacionamentos

1 Prohíbese as paradas nos casos e lugares seguintes:

- a) En lugar prohibido reglamentariamente,
- b) En vía urbana obstaculizando gravemente a circulación
- c) Nas rúas peonais.
- d) Sobre os refuxios, illas, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.
- e) Nos accesos de entrada ou saída de vehículos, nos inmobles debidamente sinalizados coa vado correspondente.
- f) Sobre a beirarrúa, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns.
- g) A menos de 5 metros dunha esquina, cruzamento ou bifurcación.
- h) Nas pontes, tuneis e debaixo dos pasos elevados, salvo sinalización en contrario.
- i) Naqueles lugares onde se impide visión dos sinais de tráfico.
- j) En rúas sin aceras a menos dun metro das edificacións.
- k) Nos lugares debidamente sinalizados.
- l) Nas curvas, cambios de rasante e cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan sobre pasalo sen grave perigo para o que estea detido.
- ll) Nas paradas debidamente sinalizadas para servicios públicos, organismos oficiais e servicios de urxencias.
- m) Nos carrís reservados á circulación de determinada categoría de vehículos.
- n) Fronte ás entradas de inmobles, accesos a edificios destinados a espectáculos ou actos públicos de gran afluencia debidamente sinalizados.
- ñ) Nos lugares reservados para carga e descarga.
- o) Cando se impida o acceso ou saída de persoas ós inmobles.
- p) Nos demais lugares sinalados temporalmente por obras, actos públicos, deportivos, etc.
- q) Nos demais lugares sinalados na lexislación sobre tráfico.

2 Prohíbese o estacionamento nos casos e lugares seguintes:

- a) Nos lugares en que se prohíbe a parada.
- b) En dobre fila.
- c) En lugar limitado e controlado, carecendo de billete ou da tarxeta correspondente.
- d) Autobuses, caravanas, remolques, tractores, os denominados vehículos especiais, camións de PMA superiores a 3.500 kg., en todo o núcleo urbano, agás nos lugares destinados para tal efecto, así coma furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen persuízo do seu PMA, oculten as fachadas de edificios ou poidan facilitar a escalada ó interior destes.
- e) Nos lugares reservados para instalación de colectores.
- f) Nos demais lugares sinalados na lexislación sobre tráfico.

## Artigo 18 Carga e descarga

Para os efectos de levar a cabo a carga e descarga de materiais destinados a comercios, almacéns, combustibles de calefacción, etc, establécese as seguintes normas:

A) Réxime xeral. Os vehículos destinados ó transporte de mercadorías efectuarán a carga e descarga nas zonas especialmente

habilitadas e sinalizadas para o efecto, tanto con sinalización vertical como horizontal, e que se contempla no anexo I da presente ordenanza municipal.

Os vehículos permanecerán nas zonas habilitadas polo tempo máximo de 20 minutos.

O horario de carga e descarga será o establecido no anexo I da presente ordenanza.

Non se autorizará o estacionamento nas zonas habilitadas daqueles vehículos que superen o 7500 kg.

B) 1 Réxime especial. Nas rúas peonais que se relaciona no anexo II da presente ordenanza, a carga e descarga só se poderá efectuar dentro do horario en que se permita a circulación, sempre que non sexa antes das 9:00 horas nin en festivos nin en domingos, en que está totalmente prohibido.

2 Naqueles supostos en que non exista nas inmediacións zona habilitada para carga e descarga, ou que debido ás características da mercadoría: volume, fragilidade, etc. ou ás condicións do servizo: mudanza, subministración de combustible..., non sexa factible utilizar aquela; deberá estar en posesión de autorización municipal expresa, que se solicitará cun mínimo de 48 horas antes da ocupación, nese caso poderase estacionar na vía pública polo tempo necesario para realizar os traballos e se orixine entorpecemento na circulación a Policía Local adoptará as medidas oportunas. Isto sen perxuízo do aboamento das taxas que se indique na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 19. Advertencias dos condutores.

1. Os condutores están obrigados a advertirle ó resto dos usuarios da vía respecto das manobras que vaian efectuar cos seus vehículos.
2. Como norma xeral, estas advertencias faranse utilizando a sinalización luminosa do vehículo ou, no seu defecto, co brazo.
3. Excepcionalmente, poderase empregar sinais acústicas que non sexan estridentes, e queda prohibido o seu uso inmotivado ou esaxerado.
4. Os vehículos de servizos de urxencia públicos ou privados e outros vehículos especiais poderán utilizar outros sinais ópticos e acústicos nos casos e nas condicións regulamentarias.

Capítulo III Outras normas de circulación

Artigo 20 Limitacións á circulación

1 O Concello regulará a través de ordenanza as limitacións á circulación, referidas ós vehículos de determinadas categorías.

2 Que prohibida a circulación pola vías interiores de Caldas de Reis de:

A) Os que transporten mercadorías perigosas en tránsito.

B) Os vehículos cun peso máximo superior a 7 500 kg.

3 Nestes casos só poderán circular polas vías de entrada e saída principais de Caldas de Reis, sen se introducir en ningún caso por vías transversais, salvo autorización municipal expresa solicitada con 48 horas de antelación.

Artigo 21 Cintos, cascos e restantes elementos de seguridade

Os condutores e ocupantes de vehículos a motor e ciclomotores están obrigados a utilizar o cinto de seguridade, o casco e demais elementos de protección, nos casos e condicións que se determinen no Regulamento xeral de circulación (RXC) coas excepcións que se fixan nel.

Artigo 22 Peóns

1 Os peóns transitarán polas Beirarrúas, paseos e beiravías destinados para eles.

Excepcionalmente poderán circular pola calzada sempre que adopten as debidas precaucións e non porduzcan perturbación grave na circulación, nos supostos seguintes:

1. Cando leven obxectos voluminosos que puidesen constituír, se circulasen pola beirarrúa, un atranco de importancia para os demais peóns.
2. Os grupos de peóns que forme un cortexo.
3. Os inválidos que se despracen nunha cadeira de rodas.
4. Cando non existisen zonas para a circulación de peóns, poderán transitar pola calzada polo lugar máis apartado do seu centro.
5. Os peóns que precisen cruzar a calzada, farano coa máxima dilixencia, sen se deter nin entorpecer os demais usuarios, nin perturbar a circulación. En todo caso, adoptaranse as prescricións seguintes:
  - Nos pasos regulados por semáforos seberán obedecer as indicacións das luces, e non penetrarán no paso ata que o sinal dirixido a eles llelo autorice.

- Nos restantes pasos, regulados por axente da Policía Local, deberán en todo caso obedecer as indicacións que sobre o particular efectúen estes.
- Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada sen se asegurar previamente, á vista da distancia e a velocidade a que circulen os vehículos máis próximos, que non existe perigo en efecturar o cruzamento.
- Cando non exista paso para peóns sinalizado nun radio de acción de 50 metros, o cruzamento efectuarase polas esquinas e en dirección perpendicular ó eixo da vía.
- Neste suposto, antes de se iniciar o cruzamento deberá asegurarse de que non vai entorpecer a circulación de vehículos, ós que deberá deixar paso, deténdose incluso, se fose preciso.

6 Quedan prohibidos na vía pública pola autoridade municipal os xogos de pelota, uso de patíns, monopatíns, etc, agás naqueles lugares expresamente autorizados.

#### Artigo 23 Animais

Prohíbese a circulación de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas, en grea ou rebaño, en todo o núcleo urbano. Igualmente prohíbese a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbanas; excepto nos casos autorizados previamente pola Administración municipal.

#### Artigo 24 Auxilio e accidentes

1 Os usuarios das vías que se vexan implicados un accidente de tráfico, ou presencien ou teñan coñecemento del, estarán obrigados a auxiliar ou solicitar auxilio para atender as vítimas, se as houberse, prestar a súa colaboración para evitar maiores perigos ou danos, avisar a Policía Local ou Guardia Civil, restablecer, na medida do posible, a seguridade da circulación, esclarecer os feitos e facilitar os datos precisos sobre a súa identidade, se así o requiren outras persoas implicadas no accidente.

2 Se por causa de accidente ou avería, o vehículo ou a súa carga obstaculizasen a calzada, os conductores, tras sinalar convenientemente o vehículo ou obstáculo creado, acoptarán as medidas necesarias para que sexa retirado no menor tempo posible, e deberán sacalo da calzada e situalo cumprindo as normas de estacionamento sempre que sexa factible.

3 O conductor que causase algún dano a calquera vehículo estacionado sen conductor, procurará localizar e advertir o interesado do dano causado e facilitarlle a súa identidade inmediatamente. No suposto de que a dita localización non resultase posible, deberá comunicarllo á Policía Local inmediatamente.

#### Artigo 25 Publicidade

Prohíbese utilizar en vehículos megafonía ou calquera outro medio de publicidade sen obter previamente a correspondente licenza municipal.

Queda igualmente prohibida a publicidade estática nas veirarrúas e inmediacións da calzada, así coma en árbores, farois e elementos afectos ó tráfico mobiliario público e en calquera outro punto que dea lugar a distracción e confusión dos conductores.

### Título II Da sinalización

#### Capítulo único

#### Artigo 26 Normas xerais sobre sinais

1 A sinalización é o conxunto de sinais e ordes de axentes da circulación, sinais circunstanciais que modifican o réxime normal de utilización da vía, semáforos, sinais verticais de circulación e marcas viais, destinadas ós usuarios de vía e que teñen por misión advertir e informar a estes ou ordenar ou regulamentar o seu comportamento coa necesaria antelación, de determinadas circunstancias da vía ou da circulación.

As características da dita sinalización son as específicas nos títulos IV e V do Regulamento xeral de circulación e lixislación concordante.

2 Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, os usuarios deben obedecer as prescripcións indicadas polos sinais, aínda cando pareza estar en contradición coas normas de comportamento de circulación.

#### Artigo 27 Prioridade entre sinais

A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é o seguinte:

- 1 Sinais e ordes dos axentes da Policía Local.
- 2 Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía.
- 3 Semáforos.
- 4 Sinais verticais de circulación.
- 5 Marcas viais.

No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezcan estar en contradicción si prevalecerá a maioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, o máis restrictiva, se se trata de sinais do mesmo tipo.

#### Artigo 28 Idioma dos sinais

As indicacións escritas dos sinais redactaranse en idioma galego, sen perxuízo de que poida tamén facerse en castelán.

#### Artigo 29 Mantemento de sinais e sinais circunstanciais

1 Correspóndelle ó titular da vía responsabilidade do mantemento dos sinais nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e da instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viais. Tamén lle corresponde ó titular da vía a autorización previa de obras para a instalación nela doutros sinais circunstanciais de circulación.

En caso de urxencia os axentes da autoridade poderán instalar sinais circunstanciais sen autorización previa.

2 A autoridade encargada da regulación do tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das continxencias do tráfico e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa lexislación de estradas.

3 A responsabilidade da sinalización das obras que se realicen nas vías, obxecto desta ordenanza, corresponderalles ós organismos que as realicen ou ás empresas adjudicatarias, de acordo co que regulamentariamente se determine. Os usuarios da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico nas ditas obras.

#### Artigo 30 Retirada, substitución e alteración de sinais

1 O titular da vía ou, se é o caso, a autoridade encargada da regulación do tráfico, ordenará a inmediata retirada, ou se é caso, a substitución polas que sexan axeitadas antiregulamentariamente instaladas, dos sinais que perdesen o seu obxecto e dos que non o cumpran por causa do seu deterioro.

2 Salvo por causa xustificada, ninguén poderá instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización cunha vía sen permiso do seu titular.

3 Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención.

### Título III Das autorizacións administrativas

#### Artigo 31 Normas xerais sobre autorizacións administrativas

1 O condutor dun vehículo queda obrigada a estar en posesión do seu permiso ou licencia de circulación válido e a levalo consigo, así coma o permiso de circulación do vehículo, a tarxeta de inspección técnica ou certificado de características, seguro obrigatorio e demais documentación necesaria ó vehículo conducido, e deberá exhibilos ante os axentes da Policía Local que llo soliciten. A Policía Local poderá realizar controis de documentación, co obxecto de mellorar a seguridade vial, sen previo ós usuarios da vía.

2 Para a execución de obras na vía pública estarase ó establecido na vixente ordenanza que regule tal actividade e a súa sinalización levarase a cabo segundo a lei.

3 Non poderá efectuarse ningunha rodaxe de película, documental, etc. Na vía pública sen autorización expresa dos servicios municipais competentes, que determinarán no permiso correspondente ás consicións nas que deberá efectuarse a rodaxe, en canto a duración, horario, elementos e vehículos que se deban de utilizar.

4 Non poderá efectuarse ningunha proba deportiva, nin traslado funerario a pé, na vía pública sen autorización previa dos servicios municipais competentes, que determinarán as condicións que, respecto de itinerarios, medidas de precaución, etc se consideren oportunas.

5 Toda ocupación da vía pública que leve aparellada a limitación do vial de circulación: mudanzas, descarga de combustible, colectores de obra... requerirá a autorización previa ou licencia municipal, segundo os casos.

#### Anulación revogación e intervención de autorizacións

##### Artigo 32

As autorizacións e permisos municipais referentes a materias relacioandas con esta ordenanza poderán ser revogados polo Concello mediando cauxa xusta ou por non cumprir os requisitos ou non axustarse ás condicións do seu outorgamento.

##### Artigo 33

No curso dos procedementos de declaración de nulidade e revogación das autorizacións administrativas poderá acordarse a suspensión cautelar ou intervención en cuestións, cando o seu mantemento supoña un grave perigo para a seguridade do tráfico ou perxudique notoriamente o interese público, e nese caso a autoridade que coñeza do expediente ordenará mediante



resolución fundade, a intervención inmediata da autorización e práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o seu efectivo exercicio.

## Título IV Infraccións e sancións

### Capítulo I Infraccións e sancións

#### Artigo 34 Cadro xeral de infraccións (será o recollido no ANEXO III)

1 As accións e omisións contrarias a esta ordenanza terán carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nela se determinan a non ser que poidan constituír delitos, faltas tipificadas nas leis penais, nese caso a Administración pasará o tanto de culpa á orde xurisdiccional competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte sentenza firme.

2 As infraccións a que fai referencia o número anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves, segundo os criterios seguidos pola Lei de seguridade vial, Regulamento xeral de circulación e demais normativa de tráfico e sancionaranse de acordo con estas lexislacións.

#### Artigo 35 Competencias

A sanción por infraccións a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderalle ó alcalde presidente (art. 68 LSV), tenente de alcalde ou concelleiro en que deleguen as competencias en materia de tráfico, en todos aqueles supostos nos que a potestade sancionadora non este a atribuída a outros órganos ou administracións.

### Capítulo II Das medidas cautelares

#### Inmovilizacións do vehículo ou retirada do vehículo

1 A policía Local poderá determinar a inmovilización ou retirada dos vehículos cando como consecuencia do incumprimento das normas contidas na presente ordenanza ou na lexislación xeral tráfico, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens e nos seguintes casos:

1 No suposto de accidente ou avaría que impida continuar a marcha con seguridade.

2 No suposto de malestar físico do conductor que lle impida levar o vehículo en condicións normais.

2 Os axentes da autoridade, sen perxuízo da denuncia que deberán formular polas infraccións correspondentes, poderán ordenar a inmovilización inmediata do vehículo nos seguintes casos:

1 Cando o conductor non leve o permiso de circulación do vehículo ou autorización que o substitúa e existan dúbidas respecto da súa identidade ou domicilio.

2 Cando, polas condicións externas do vehículo, se considere que constitúe un perigo ou produza danos na calzada.

3 Cando o vehículo circule cunha altura ou un ancho superior ó permitido pola Lei de seguridade vial ou, se é caso, na autorización especial de que puidese estar provisto, e en todos os demais casos recollidos na ordenanza específica de retirada e inmovilización de vehículos.

4 Cando o vehículo circule cunha carga ou lonxitude total que exceda do 10 por 1000 da que teña autorizada.

5 Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión do conductor resulten sensiblemente diminuídos polo número ou posición dos pasaxeiros ou pola colocación dos obxectos transportados.

6 Embriaguez do conductor ou negarse a realizar as probas de detección de alcoholemia.

7 Cando non se levasen a cabo as inspeccións técnicas obrigatorias establecidas na Lei de seguridade vial e supoña un grave risco para a seguridade do tráfico.

8 Cando non estea asegurado de conformidade co establecido na lexislación vixente.

9 En calquera outro caso establecido na lexislación sobre tráfico.

Unha vez inmovilizado o vehículo, enmedadas as deficiencias que a motivaron, o seu conductor solicitaralle á autoridade que ordenou a inmovilización a posta en circulación do citado vehículo, para o que haberá de satisfacer previamente se é o caso, o importe dos gastos ocasionados, se os houbese con motivo da inmovilización conforme determine a ordenanza municipal correspondente.

3 A inmovilización levarase a efecto no lugar que indique a autoridade municipal ou os seus axentes e non se levantará ata tanto non queden emendadas as deficiencias que a motivan ou se proceda á retirada do vehículo nas condicións que a dita autoridade determine.

### Capítulo III Da responsabilidade

### Artigo 36 Persoas responsables

1 A responsabilidade polas infraccións ó disposto nesta ordenanza recaerá directamente no autor do feito en que se consista a infracción.

2 O titular que figure no rexistro do vehículo será en todo caso responsable polas infraccións relativas á documentación do vehículo, polas relativas ó estado de conservación, cando as deficiencias afectan ás condicións de seguridade do vehículo e polas derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.

3 O titular do vehículo, debidamente requerido, ten o deber de indentificar o conductor responsable da infracción e se incumprir esta obriga no trámite procedimental oportuno sen causa xustificada, será sancionado economicamente como autor de falta grave.

### Título V Procedemento sancionador e recursos

#### Artigo 37

Non se imporá ningunha sanción por infraccións ós preceptos desta Ordenanza municipal de circulación, senón en virtude de procedemento instruído conforme ás normas establecidas no presente título VI desta Ordenanza. En todo aquilo que non estea establecido nesta ordenanza será de aplicación o procedemento e regulado no Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, ou no seu defecto, polo procedemento establecido no Regulamento de procedemento para o exercicio de potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

#### Artigo 38 Actuacións administrativas e xurisdiccionais penais

1 En caso de falta de tipificación das infraccións por parte desta ordenanza e que se complementan como tales na Lei de seguridade vial, disposicións complementarias ou norma vixente de carácter xeral, estarase ó que dispoñan estas, para efectos de sanción, aplicaranse as \*cuantías establecidas na relación codificada da D.G.T.

2 Cando, como consecuencia dun proceso penal, a Administración se abstivese de actuar para sancionar posibles infraccións ós preceptos do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial e o proceso termine con sentenza absolutoria ou outra resolución que lle poña fin provisional ou definitivamente, sen declaración de responsabilidade penal e sempre que non estea fundamentada na existencia de feito, poderá iniciarse, continuar ou reanudarse o correspondente procedemento en termos establecidos nesta ordenanza para determinar a posible existencia dunha infracción administrativa.

#### Artigo 39. Incoación do procedemento

O procedemento sancionador iniciarase de oficio a autoridade competente que teña noticias dos feitos que poidan constituir infraccións ós preceptos desta ordenanza ou mediante denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados da vixilancia e seguridade do tráfico,

Así mesmo, a autoridade municipal competente poderá iniciar un procedemento, como consecuencia de denuncia formulada por calquera persoa que teña coñecemento de feitos que supoñan infraccións de circulación.

#### Artigo 40 Denuncias de carácter obrigatorio e voluntario

1 Os axentes da autoridade encargados do servizo de vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observan cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación vial.

2 Calquera persoa poderá, igualmente, formular denuncias por feitos que poidan constituir infraccións ós preceptos contidos na presente ordenanza.

3 Terán consideración de denuncias voluntarias, as formuladas polos vixilantes xurados.

#### Artigo 41. Contido das denuncias

Nas denuncias por feitos de circulación deberá constar a identificación do vehículo co que se cometese suposta infracción, a identidade do denunciado, se fose coñecida, unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora, e nome, profesión e domicilio do denunciante. Cando este sexa un axente da autoridade, poderán substituírse estes datos polo seu número de identificación.

#### Artigo 42. Requisitos das denuncias de carácter obrigatorio por feitos de circulación.

Os correspondentes boletíns de denuncia estenderanse por triplicado exemplar. Un deles quedará en poder do denunciante, o segundo entregaráselle ó denunciado e o terceiro remitiráselle á Alcaldía.

Os boletíns serán asinados polo denunciante e polo denunciado, sen que a sinatura deste último implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senón unicamente coa recepción do exemplar a el destinado. No caso de que o denunciado se

negase a asinar ou non soubese facelo, así o fara constar o denunciado e a súa manifestación producirá os mesmos efectos que a sinatura.

